

ELAS LEMBRAN.....

Aldea: Baxeles (Vilamartín de Valdeorras)

Persoas entrevistadas: María Antonia López (80 anos) e Esperanza López (78 anos)

1.- Como viviu os anos da posguerra? Cre que homes/mulleres a viviron de igual modo?

Os anos de posguerra foron moi duros. Na nosa casa eramos 4 irmás, e os nosos pais. Eles tomaron a decisión de non falar nada do que estaba a suceder, cando a familia se reunía podían falar de calquera cousa, pero a guerra e a situación da posguerra eran temas tabú na nosa casa. Iso fixo que nós, pese a decatarnos da situación, vivímola distinto ao resto de nenos (suposición).

2.- Dentro da súa propia casa ou familia xogaban o mesmo papel os homes que as mulleres?

Eramos 4 irmás o que facía que non nos deramos conta das diferenzas entre homes e mulleres.

3.- -No tema da educación, que recorda da escola, estudaban o mesmo? Xogaban ás mesmas cousas? Mesturábanse os nenos e as nenas?

No noso caso o noso pai decidiu deixar estudar a dúas nenas e as outras dúas non. Elixiuno segundo a capacidade que cría que tiñamos. As outras dúas tiñamos que axudar co gando, a nosa nai na horta, lavar a roupa (...).

Pasabamos o tempo cantando cancións, dicindo refráns e xogando as chapas.

4.- Desde un punto de vista relixioso, había diferenzas entre homes?

Todos os domingos famos a misa coa nosa nai e o noso pai.

5.- No mundo laboral, era igual ser home que muller?

No noso caso das dúas irmás que non cursamos estudos, si que notabamos pequenas diferenzas, pero a nós facíanos felices axudar a nosa nai, ela tiña algúns problemas de saúde e

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

nos sempre estabamos ao seu redor, por iso nós faciamos as tarefas de lavar a roupa, ir á horta e o noso pai as tarefas “máis duras” como pasear o gando ou levalo a pacer entre outras.

6.- No traballo que exerceu vostede durante a súa vida laboral, había mulleres? Cal era o seu papel e as súas condicións laborais?

Si había mulleres, na tarefa de horta e de ir ao lavadoiro. Cando chegabamos ao lavadoiro sempre te atopabas cunha veciña ou coñecida.

As condicións laborais eran duras pero nós tiñamos a obriga de axudar na casa, xa que eramos unha familia grande. A medida que fomos crescendo cada irmá fixo a súa vida, dúas casaron e outras dúas non. No caso de Fe (irmá maior) decidiu facer estudos superiores e marchou a León co consentimento do noso pai. María A. casou e Pili (irmá pequena) tamén, quedando Esperanza na casa cos pais.

7.- O papel da muller a medida que vostede se foi facendo maior, cre que cambiou dalgunha maneira?

Cambiou e non pouco, aínda ten que mellorar máis. En relación a estudos agora teñen máis posibilidades as rapazas, no noso caso a nosa nai quería que estudásemos as catro pero o noso pai non nos deixou, a día de hoxe iso non ocorre así. As mulleres xa non teñen que axudar coas tarefas da casa e do gando, déixanlles elixir o que desexan facer e non as obrigan a nada.

8.- Coñeceu algún caso de represión por cuestións ideolóxicas?

O noso pai era comunista, estivo a piques de morrer por dicir o que pensaba, xa que el estaba en contra de todo o que estaba a suceder. Estivo durante varias semanas no “calabozo” e grazas a amizades e coñecidos volveu á casa, pasando por fortes represións que non nos contaron xa que na nosa casa era tema tabú.

9.- Como se sentían no momento da posguerra?

Era unha mestura de sensacións e sentimentos, medo e desconfianza moito si, acababamos de saír dunha guerra tiñamos o medo de entrar noutra, pero á súa vez os nosos pais puxéronnolo moi fácil, é dicir, non nos falaban do tema e cando faciamos algunha pregunta eles diciannos que todo estaba ben e que nada malo nos ía a ocorrer que o malo xa pasara.



A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

10.- . Que lle chama a atención na actualidade con respecto ao papel que ten a muller en relación ao que tiña cando era nena?

A liberdade, as ganas que teñen de vivir e que poden facelo. Que desexen estudar e que o poidan facer, que loiten polo seu e a maneira de vivilo todo. A nós encantaríanos poder ir a unha verbena na aldea ou ir xogar á casa do pobo, pero o noso pai por medo, sempre nos dicía : “ que non, que xa chegaría o momento e xa o pasaríamos ben”.

Entrevista realizada as dúas mulleres á vez, xa que me aportaron información a todas as preguntas.

Amparo Laura Rodríguez 2º BAC B